

FERVENZA DO TOXA

ALICIA. 5ºB

O día tres de Maio de dous mil dez fomos a Cinensino a ver a película "UP".
Tráta sobre a vida dun neno chamado Carl que soñaba con ser explorador. Un día, que viña de ver unha película, descubriu unha casa abandoada e decidiu entrar e votar un vistazo. Nada máis entrar atopouse con Ellie, unha nena que vivía na casa e da que se namorou profundamente. Co paso do tempo fixéronse membros do "Clube dos Exploradores" e prometeron levar a casa ata as Cataratas Paraíso con, polo menos, un millón de globos. Empezaron sendo amigos, despois noivos e, cando foron maiores, casáronse.
Entre os dous restauraron a casa, que estaba en ruinas. No buzón puxeron as súas firmas e pegadas da man. Intentaron ter un fillo pero, por desgraza, morreu no intento.
Co paso dos anos fixéronse velliños e Ellie morreu. Carl seguía pensando na promesa de levar a casa ata as Cataratas Paraíso e así o fixo.
Russell, un neno maís ou menos da nosa idade, tiña todas as chapas de explorador pero faltáballe unha para ser "explorador intrépido", a de axuda aos maiores.
Carl e Russell partiron, coa casa, en busca dunha aventura nas Cataratas Paraíso. Cando chegaron atoparon dous animaliños, Kevin un paxaro o que lle gustaba moito o chocolate e Dog, un can o que lle gustaban dúas cousas: os esquíos e as pelotas. Tamén tiña un colar co que podía falar.
Todos xuntos viviron moitas aventuras como intentar pasar a casa por un montón de rochas xigantescas durante unha treboada, enfrontarse o seu maior ídolo, a unha manada de cans que buscaban a Kevin e un milleiro de aventuras máis.

Era o día da entrega da Chapa de "Explorador Intrépido" e o Señor Fredisen entregoulle a chapa de Ellie a Russell. Despois Carl e Rusell foron a tomar un xeado a contar coches, o primeiro contaba os de cor vermello e o segundo os azuis.
Para min, a película ten unha parte triste, a morte de Ellie e tamén unha moi alegre porque Carl e Russell eran amigos. A historia da película cóntanos que as personas maiores poden facer o mesmo ca xente xoven e que maiores e xóvenes poden ser amigos.

COMPOSTELA MÁXICA

O martes 4 de maio fomos os rapaces de 5º e 6º a Compostela Máxica. Os magos eran Rafa , Pablo, Alan, Richard e Consuelo. A min non me impresionaron moito. O que facían era moi clásico, nada innovador. Intentaban ser graciosos nalgúns trucos, pero non eran moi logrados. Pillei o truco dalgúns aínda que non os vou desvelar...
Tampouco me convenceron porque había detalles dos que podías sacar conclusións. Aínda así, a visita foi moi divertida e entretida.Sempre disfruto moito nas saídas do colexio.

O primeiro mago colleu, entre os nenos, voluntarios que quixeran participar e tiñan que facer maxia bailando. Collían un pano, rompíano e metíano na boca. Despois, cando o mago sacaba o pano da boca, saíalle unha cinta multicolor. Tamén fixo aparecer pombas. O segundo mago colleu dous bloques, atravesados por un burato, onde había dous coellos de cartón: un nego e outro branco. El dixo que se dicía a palabra: "translación" o negro pasaría a onde estaba o branco e o branco a onde estaba o negro. Deulle a volta e foi así. Despois, todos lle pedimos que lle dera a volta, deulla e detrás estaban un coello azul e outro amarelo. O terceiro mago, entre os trucos que fixo, foi coller un sombreiro, púxoo enriba da cabeza dun neno, fixo unha cana de globos, a nosa profesora colleu unha carta, o mago, sen vela, púxoa no gorro e cando o neno sentiu algo, pescouna coa cana.A última era unha maga, que fixo desaparecer un coello e despois apareceu nunha caixa. Tamén subiron ao escenario unha nena e un neno. O neno íalle regalar un pano á nena, que levaba un paraugas. O pano do neno era da cor do paraugas e o paraugas da nena non tiña tela.
Ao remate, despedíronse todos os magos facendo unha flexión cara o público.

DIEGO 5ºB E UXIA. 5ºA